

Mércores, 29 de xullo de 2026

Núm. 143

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VILABOA****Persoal, oposicións*****BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA E DO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA
DE AUXILIAR XULGADO DE PAZ TEMPO PARCIAL****Expte: 1204/2026***ANUNCIO**

A Xunta de Goberno Local en sesión do 9 de xullo de 2026, aprobou as bases reguladoras da convocatoria e do proceso selectivo dunha praza de auxiliar xulgado de paz (ampliación da oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do ano 2022 en execución de sentenza xudicial) que se detallan, convocando o proceso selectivo correspondente:

“Quenda libre:

<i>Denominación</i>	<i>Tipo persoal</i>	<i>Grupo/ sugrupo</i>	<i>Nº vacantes</i>	<i>Observacións</i>
Auxiliar xulgado de paz	LABORAL	Iv	1	DA 6ª

(* Xornada a tempo parcial 2,5 horas)”

“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR XULGADO DE PAZ NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE VILABOA, INCLUÍDA NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (BOPPO Nº 250 DE 27.12.2024)

PRIMEIRA.— NORMAS XERAIS E OBXECTO DA CONVOCATORIA

A realización das probas selectivas rexerase polo disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Subsidiariamente será de aplicación a normativa estatal e autonómica de Galicia, relativa aos procesos de selección de persoal, en todo aquilo que non contraveña o establecido na Lei 20/2021

Convócase unha (1) praza de auxiliar xulgado de paz (auxiliar da oficina de xustiza do municipio segundo a denominación introducida pola Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza) que ten sido obxecto de inclusión, para quenda libre na ampliación da oferta de emprego público de estabilización do

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: ZQXRDBW3AJ01VZUN



Mércores, 29 de xullo de 2026

Núm. 143

emprego temporal do Concello de Vilaboa do ano 2022 (Lei 20/2021) publicada no BOP nº 250 de 27/12/2024 nos termos e co alcance sinalados a continuación:

“Quenda libre:

Denominación	Tipo persoal	Grupo/ sugrupo	Nº vacantes	Observacións
Auxiliar xulgado de paz	LABORAL	Iv	1	DA 6ª

(* Xornada a tempo parcial 2,5 horas)

A presente convocatoria dítase en execución da sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 6 de Vigo en procedemento ordinario 587/2023 na que se declarou que a praza de referencia debería ser reservada polo Concello de Vilaboa para a súa cobertura polo sistema de concurso de méritos na convocatoria excepcional de estabilización de emprego de longa duración da Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021.

Clase de persoal.— Persoal laboral.

Denominación: Auxiliar xulgado de paz (auxiliar da oficina de xustiza do municipio segundo a denominación introducida pola Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza).

Clasificación: Grupo IV (Equivalente á escala de administración xeral, subescala auxiliar, en virtude da remisión efectuada polo artigo 13 do Convenio Colectivo Colectivo do persoal laboral do Concello de Vilaboa).

Correspondencia con postos da RPT das prazas incluídas na convocatoria: A praza convocada ten correspondencia co posto da RPT que se detalla: Código 07.00.00.01.

Funcións: As correspondentes ao posto e servizo de adscrición, segundo RPT municipal e/ou instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e/ou legal inherentes.

Retribucións: As básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias fixadas, para o posto de adscrición correspondente, na RPT vixente (e sen prexuízo daquelas de índole persoal e/ou variable ás que, no seu caso, se poida ter dereito).

Xornada de traballo: Parcial (12,5 horas semanais)

SEGUNDA.— COMUNICACIÓN AO TRABALLADOR TEMPORAL OU FUNCIONARIO INTERINO DE QUE A PRAZA FOI OBXECTO DE CONVOCATORIA.

O Concello debe informar ao traballador ou traballadora afectado de que a praza que desempeña foi ofertada e de que pode, no seu caso, participar no proceso selectivo, sendo suficiente unha comunicación realizada por medio do correo corporativo.



Mércores, 29 de xullo de 2026

Núm. 143

A non participación do traballador ou traballadora afectada no proceso selectivo de estabilización non dará dereito á compensación económica prevista no artigo 2.6 da Lei 20/2021, para aqueles que non superen o proceso selectivo.

TERCEIRA.— CONDICIÓN DE ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para poder participar no proceso de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 5 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público, na data en que finalice o prazo da presentación das instancias:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público en condicións de igualdade coas persoas de nacionalidade española:
- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.–As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.–As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
- b) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.



Mércores, 29 de xullo de 2026

Núm. 143

- e) Estar en posesión do título de graduado en ESO ou equivalente.

No suposto de estar en posesión dunha titulación equivalente á esixida na convocatoria, deberá acompañarse dun certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non lles será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

CUARTA.— FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Taxas.

1. As persoas que participen nos procesos selectivos convocados deberán facelo mediante unha instancia dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de VILABOA.

A instancia conterá, polo menos, os datos persoais da persoa solicitante, o seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta. Farase constar expresamente que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base segunda:

- a) Copia do documento nacional de identidade.
- b) Copia do título de graduado en ESO ou equivalente.
- c) Copia dos títulos ou cursos que acrediten os méritos alegados para o concurso de méritos
- d) Resgardo acreditativo de ter abonado a taxa dos dereitos de exame (17 euros).

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do seguinte en que apareza a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do concello, de xeito telemático na Sede Electrónica do concello de VILABOA ou por calqueira dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos, antes de seren certificadas.

3. As persoas aspirantes quedan vencelladas aos datos que fixeron constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se poideren advertir poderán enmendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.

4. Taxas.

Para a admisión no proceso selectivo será obrigatorio o pagamento das taxas de inscrición. O pagamento da taxa realizarase dentro do prazo de presentación das solicitudes.

A taxa pagarase a través do número de conta bancaria da entidade Abanca ES72 2080 5081 9530 4000 2437 ou Banco Santander ES13 0238 8296 4306 6000 0772

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: ZQXRDBW3AJO1VZUN



Mércores, 29 de xullo de 2026

Núm. 143

QUINTA.— ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o órgano competente dictará resolución, no prazo máximo de un mes, declarando aprobada a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e/ou excluídas.

As persoas aspirantes excluídas ou omitidas, que tiveran presentado solicitude, disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partires do día seguinte á publicación da resolución, para subsanar o defecto que causou a súa exclusión ou a súa omisión.

Os erros materiais ou de feito que poideran advertirse na lista poderán subsanarse en calquera momento, de oficio ou a petición da parte interesada.

Expirado o prazo de resolución das reclamacións presentadas, o órgano municipal competente dictará unha nova resolución coa lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, no prazo máximo de 15 días naturais, na que se determinará o lugar, data e hora de constitución do tribunal e de inicio do proceso selectivo que se publicará a composición dos Tribunais Calificadores das mesmas.

Contra a resolución que faga pública a relación definitiva de persoas aspirantes excluídas, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo de un mes, contado a partires do día seguinte da súa publicación, ou recurso Contencio-Administrativo no prazo de dous meses, a partires do día seguinte da súa publicación.

As anteditas resolucións serán obxecto de publicación no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://vilaboa.sedelectronica.es>).

No caso de non existir persoas excluídas na lista provisional de persoas aspirantes, a lista será considerada como definitiva.

SEXTA.— APLICACIÓN DAS QUENDAS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

De acordo coa Disposición sexta da Lei 20/2021, ao tratarse dun proceso por concurso como proceso excepcional por unha soa vez, a convocatoria da praza realizarase con carácter xeral para igual valoración dos méritos obxectivos fixados nas presentes bases para todas as persoas aspirantes.

SÉTIMA.— TRIBUNAL CALIFICADOR.

O órgano de selección serán colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes na súa composición.

O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección



Mércores, 29 de xullo de 2026

Núm. 143

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén. Os Tribunais calificadoros serán designados polo Alcalde-Presidente da Corporación Municipal e estarán constituídos por un número impar de membros, debendo designarse o mesmo número de suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

- Presidencia: Funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.
- Vogais: 3 vogais designados entre funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo.
- Secretaría: Persoa designada funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz pero sin voto.

As persoas membros do Tribunal, a excepción do Secretario/a, deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o que se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Para que o Tribunal se considere válidamente constituído, aos efectos de celebración das súas sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da Presidencia e Secretaría ou, no seu caso de quenes os substitúan, e a metade, alo menos, das vocalías.

Unha vez constituído o Tribunal tamén se poderán incorporar as outras persoas vogais titulares que non concorresen á sesión constitutiva e, de ser o caso, as suplentes.

As dúbidas ou incidencias que xurdan sobor da aplicación das normas das bases da convocatoria, serán resoltas polo Tribunal por maioría de votos das persoas asistentes á sesión, decidindo en caso de empate o voto da Presidencia. Así mesmo, o Tribunal determinará a actuación procedente no suposto de casuística non prevista nas bases da convocatoria.

As persoas membros dos Tribunais deberanse abster de intervir cando concorreren nelas algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Este feito deberanllo comunicar ao Alcalde. Tampouco poderán intervir se realizaron tarefas de preparación de aspirantes para o mesmo corpo e especialidade durante os cinco anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso selectivo.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar as persoas membros do Tribunal cando nelas concurra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal calificador adoptará as medidas precisas para que, as persoas con minusvalías que o soliciten, dispoñan de adaptación de tempo e medios para a realización das probas selectivas.

OITAVA.— SISTEMA SELECTIVO A UTILIZAR NO PROCESO SELECTIVO

O sistema de selección será o de concurso de valoración de méritos.



Mércores, 29 de xullo de 2026

Núm. 143

a) Experiencia profesional: Ata un máximo de 90 puntos

- a) Por servizos prestados como persoal temporal do Concello de Vilaboa en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,90 puntos por cada mes de servizos prestados.
- b) Por servizos prestados como persoal temporal doutra Administración Pública Local (distinta do Concello de Vilaboa) en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,70 puntos por cada mes de servizos prestados
- c) Por servizos prestados como persoal temporal de calquera outra Administración Pública (distinta do Concello de Vilaboa e non pertencente á Administración Pública Local) en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,30 puntos por cada mes de servizos prestados

b) Formación específica: Ata un máximo de 10 puntos

Valoraranse os cursos homologados realizados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais, polo seu interese para todos os postos como, os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático.

A táboa de horas requeridas para acadar a puntuación máxima sería:

Grupo C2: 20 horas (0,5 punto hora).

c) Titulación superior á requerida para o acceso e relacionada coa praza: Ata un máximo de 0,1 puntos.

O Tribunal calificador só valorará os méritos que se posúan na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes do proceso selectivo, non tomándose en consideración os alegados con posterioridade.

As persoas aspirantes que estean desempeñando unha das prazas obxecto de estabilización, poderán substituír a xustificación documental de todos ou parte dos méritos alegados coa remisión expresa á información contida nos seus expedientes persoais.

A puntuación final da fase de concurso resultará das suma das puntuacións outorgadas ás persoas aspirantes pola valoración, consonte ao antes sinalado, dos méritos adecuadamente presentados e acreditados

Nos supostos des empates entre as puntuacións finais obtidas no concurso por dous ou máis aspirantes, estes resolveranse atendendo ao disposto a continuación:



Mércores, 29 de xullo de 2026

Núm. 143

Primeiramente, terase en conta o total da puntuación obtida no mérito “experiencia profesional”

Seguidamente, en caso de seguir existindo empates, terase en conta o maior tempo (meses) de servizos prestados acreditado nos diferentes apartados do mérito “experiencia profesional”, segundo a orde prevista nestas bases; así terase en conta, en primeiro lugar, o maior tempo acreditado no apartado a), e de seguir manténdose os empates, este resolveranse acudindo, sucesivamente e por orde, ao maior tempo acreditado nos seguintes apartados do mérito “experiencia profesional”.

No caso de que, tendo en conta os criterios anteditos, persistan os empates, terase en conta a maior puntuación obtida polo mérito “formación específica”

E finalmente, no caso de que non teña sido posible desfacer os empates trala aplicación dos criterios anteriores, este resolverase por sorteo, ante o Tribunal, e coa presenza de todas as persoas aspirantes afectadas que así o desexen.

Os aspirantes que queden sen praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda.

NOVENA.— NOMEAMENTO E CESAMENTO DO PERSOAL TEMPORAL

Unha vez resolto o proceso selectivo, co efectivo nomeamento da persoa aspirante finalmente seleccionada para a cobertura da praza convocada, deberase proceder ao cese do persoal temporal que a viñera desempeñando e que non se atope entre os ditos seleccionados (por non ter superado o proceso selectivo ou non terse presentado ao mesmo).

O cese deste persoal temporal, polas razóns anteditas, implicará a finalización da súa relación laboral/contractual co Concello. E no caso da extinción de relacións laborais/contractuais estas deberanse realizar consonte ao procedemento previsto pola normativa laboral aplicable ao efecto e, en todo caso, respectando o período de preaviso

En todo caso, o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, fose cesado nos termos anteditos, terá dereito á compensación económica fixada ao efecto no artigo 2.6 da Lei 20/2021, sempre que tivera participado no proceso selectivo de estabilización do que derive o dito cese.

DÉCIMA.— DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A participación no proceso selectivo implica o consentimento dos aspirantes para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos do concello e na páxina web municipal, cando así o requira a tramitación do procedemento selectivo.



Mércores, 29 de xullo de 2026

Núm. 143

DÉCIMO PRIMEIRA.— CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES DOS PROCESOS SELECTIVOS.

Estas bases vinculan ao Concello, aos Tribunais Calificadores e as persoas aspirantes que participen en cada proceso selectivo.

DÉCIMO SEGUNDA.— RECURSOS.

As presentes bases de convocatoria e cantos actos administrativos teñan lugar derivados dos procesos selectivos, así como as actuación dos Tribunais Cualificadores poderán ser recurridos polos interesados nos supostos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

As presentes bases de convocatoria e cantos actos administrativos teñan lugar derivados dos procesos selectivos, así como as actuacións dos Tribunais Calificadores poderán ser recurridos polos interesados nos supostos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Mércores, 29 de xullo de 2026

Núm. 143

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS		
1º Apelido	2º Apelido	Nome
DNI	Enderezo	
Localidade	Provincia	Nacionalidade
Enderezo a efectos de notificación		
Teléfono	Correo electrónico	

DATOS DA PRAZA	
Denominación	Código

Á vista da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de auxiliar xulgado de paz (auxiliar da oficina de xustiza do municipio segundo a denominación introducida pola Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza) incluída na oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Vilaboa (BOP nº 250 de 27/12/2024):

- DECLARO reunir todas e canda unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria, e, así mesmo, declarando non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a ditos postos e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.e co coñecemento e expresa aceptación de tódolos termos da mesma.
- SOLICITO a miña participación no proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases da convocatoria

Documentación que se achega xunto coa solicitude:

- __Fotocopia de DNI
- __Fotocopia da titulación esixida
- __Resgardo acreditativo de ter abonado a taxa dos dereitos de exame (17 euros).
- __Documentación xustificativa dos méritos alegados
- ___Outra (indicar):_____

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ZQXRDBW3AJ01VZUN



Mércores, 29 de xullo de 2026

Núm. 143

RECURSOS PROCEDENTES.—

Segundo o artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorrido potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditou ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Segundo o artigo 124 da Lei 39/2015, o prazo para a interposición do recurso de reposición será de un mes, se o acto fose expreso.

Transcorrido dito prazo unicamente poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de un mes. Contra a resolución dun recurso de reposición non se poderá interpoñer de novo dito recurso. Pode interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

